

Asociacións de Nais e Pais de Alumnos dos CEIPs

## PROGRAMA DE NATACIÓN ESCOLAR 2023-2024

Desde a Concellería de Deportes do Concello da Coruña queremosvos informar do inicio do Programa de Natación Escolar en centros educativos públicos.

Nesta edición coincidindo co inicio do curso escolar, e para facilitar ás familias a incorporación da actividade no horario anual de cada rapaz e rapaza, a partir **do día 11 e ata o 22 de setembro**, poderase realizar a inscrición no Programa Municipal de Natación Escolar.


Como recomendacións básicas para levar a cabo esta campaña coa maior efectividade, deberanse respetar as seguintes pautas:

1. O colexio tómase como referencia para a recollida e entrega dos escolares as súas familias. O centro garantirá a presenza dun adulto que se fará responsable dos alumnos no tempo que permanezan na parada.
2. Os escolares irán acompañados no autobús dunha persoa coa tarefa de coidadora, correspondéndolle a súa designación a entidade que xestiona a campaña de natación.
3. Cada ANPA **nomeará un responsable para a realización da campaña de natación escolar** que disporá dun teléfono de contacto para posibles incidencias. Rogamos que dende o centro se designe esta persoa, se aínda non se fixo.

Xúntase a información para súa distribución aos centros, ANPAs e familias.

Para calquera aclaración sobre a actividade, pode dirixirse ao Servizo Municipal de Deportes, no teléfono 981189800

Saúdos



Manuel José Vázquez Martínez  
Concelleiro de Deportes  
A Coruña, 7 de setembro de 2023